

ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS

II. ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS

Os datos orzamentarios que se reflicten nesta memoria son soamente unha recompilación dos propios orzamentos aprobados polas deputacións provinciais para o ano 2010, cunha presentación homoxénea e sistemática dos mesmos. Refírense ao orzamento inicial, e figuran recollidos segundo a clasificación económica (a nivel de capítulos) e a de programas, ao abeiro da nova estrutura regulada na Orde do Ministerio de Economía e Facenda, EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Esta nova estrutura, de acordo ao expresado na introdución da citada orde, responde ás múltiples modificacións habidas na lexislación sobre réxime local, sobre todo no que atinxe ás facendas locais que se produciu desde 1992 coa entrada en vigor da anterior estrutura dos orzamentos. Entre as novidades normativas figura a Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da lei reguladora das facendas locais (que era a Lei 39/1988), que introduciu importantes modificacións no ámbito tributario, así como no financeiro, coa definición dun novo modelo de participación das entidades locais nos tributos do Estado, incluíndo elementos de cesión de determinados rendementos recadatorios de impostos estatais (IRPF, IVE e Impostos Especiais sobre fabricación).

Outras normas que tiveron gran influencia na necesidade de actualizar a estrutura dos orzamentos das entidades locais foron: a Lei 18/2001, de 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria e a súa reforma pola Lei 15/2006, de 26 de maio, xunto á incidencia específica na administración do Estado, pola Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.

De xeito transversal, cómpre sinalar a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na que segundo se reflicte no seu artigo 15, terá no universo das administracións públicas, e coa finalidade de integrar, de xeito activo, a definición e orzamentación das súas políticas públicas en todos os ámbitos, o principio de igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres.

En definitiva, trátase de que tanto a estrutura dos orzamentos das entidades locais como os criterios de clasificación dos seus ingresos e gastos se adapten aos actualmente establecidos para o sector público estatal, tendo en conta as peculiaridades da actividade financeira de aquelas entidades.

Os orzamentos preséntanse consolidados, unha vez descontadas as operacións internas, é dicir, as transferencias entre a corporación provincial e os organismos autónomos (OO.AA.), para as entidades provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, mentres que no caso da Coruña non é necesaria a dita consolidación.

Así, a organización das deputacións reflectidas no orzamento é a seguinte:

1. Deputación da Coruña
2. Deputación de Lugo:
 - a) Orzamento da propia deputación
 - b) Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (IN.LU.D.E.S)
 - c) Sociedade Urbanística Provincial
3. Deputación de Ourense,
 - a) Orzamento da propia deputación
 - b) Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (IN.OR.D.E)
 - c) Padroado Provincial de Turismo
4. Deputación de Pontevedra,
 - a) Orzamento da propia deputación
 - b) Escola Universitaria de Enfermería
 - c) Instituto para a Promoción e Equipamento de Solo Industrial da Provincia de Pontevedra (I.P.E.S.P.O.)
 - d) Escola de Canteiros
 - e) Museo Provincial
 - f) Padroado de Turismo
 - g) Caixa de Anticipos
 - h) Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (O.R.A.L.)

II.1. INGRESOS

II.1.1. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA

A principal característica dos orzamentos das deputacións para o ano 2010, é que reflicten con especial visibilidade a crise económica que se proxecta a todos os axentes económicos e tamén ás administracións públicas.

Preséntanse múltiples indicadores que mostran a especial incidencia da crise cunhas taxas negativas nos ámbitos económicos e do mercado laboral principalmente (destrución de emprego, decrecemento económico, débeda,), nos que o contexto para as entidades locais é pouco favorable. A grandes trazos os datos negativos son:

Diminución dos ingresos

- a) Polas entregas a conta da súa participación nos tributos do Estado do exercicio 2010
- b) Pola liquidación desa participación nos tributos do Estado do exercicio 2008, que resultou negativa e que xera unha obriga de devolución (aínda que aprazada ata 2011 e fraccionada en 48 mensualidades)

- c) Pola redución dos ingresos procedentes da comunidade autónoma, que tamén está sufrindo unha grande rixidez de recursos, aínda que entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) existe a vontade de dispoñer dun fondo extraordinario para paliar os efectos sobre as finanzas locais.
- d) Pola redución significativa dos ingresos polos tributos locais vinculados á actividade económica en xeral e urbanística en particular
- e) Polas limitacións da Lei de estabilidade orzamentaria, que fixa límites restritivos para o endebedamento máximo e a necesidade de aprobar o plan económico financeiro de estabilización en determinados casos

A pesares da forte redución dos orzamentos de ingresos correntes, as entidades locais deben facer fronte a uns gastos operativos de funcionamento dos servizos públicos e sociais crecentes

Nesta liña, a característica xeral das facendas públicas neste contexto, incluíndo as das deputacións provinciais, é o **principio de austeridade**, que rexe neste exercicio 2010.

PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO TOTAL DAS CATRO DEPUTACIÓNS

1. Redución do orzamento. En primeiro lugar, como xa se dicía, redúcese respecto ao de 2009, cun descenso porcentual do 8,2% de máis de 50 millóns menos que o ano anterior, xa que pasou dos 610,9 millóns de 2009 aos 560,6 millóns de 2010.
2. Redución nas catro deputacións. Esta redución móstrase nos catro orzamentos provinciais, aínda que no caso de Lugo o forte crecemento do 37% da Sociedade Provincial urbanística (SUPLUSA), compensa a redución manifestada nas arcas provinciais.
3. O que cae en maior proporción é o orzamento consolidado da Deputación de Pontevedra, que descende nun 15,5%, cunha diferenza de 28 millóns entre 2009 e 2010.
4. Séguelle o orzamento da Coruña, cunha baixada porcentual do 11,4%, con 22,9 millóns menos que en 2009; sendo o orzamento de Ourense o que menos variación reflicte no seu total, cun descenso porcentual de 1%, é dicir, 862.000 euros menos que en 2009.
5. Mantemento dos pesos relativos entre os orzamentos das deputacións no total de Galicia. As posicións que presentan os orzamentos de ingresos manteñen a mesma prelación que no exercicio anterior, tanto se as comparamos en termos de ingresos por habitante como en valores absolutos. A este respecto, cómpre lembrar que o importe do orzamento da deputación da Coruña é o maior dos catro, seguido polo de Pontevedra, Lugo e Ourense respectivamente; cando se engade a variable poboacional, a orde varía, xa que son os orzamentos das provincias de menor poboación, liderados pola de Lugo (407 €/hab.) e seguida a certa distancia pola de Ourense (254 €/hab.), os que presentan un maior importe en termos per cápita. Pola contra, os orzamentos das deputacións da Coruña e Pontevedra en termos de euros por habitante son sensiblemente inferiores, manifestando gran semellanza os seus datos, 159 e 156

€/hab. respectivamente.

As previsións dos estados de ingresos clasifícanse en primeiro lugar en:

- Operacións correntes,
- Operacións de capital, conformando estas dúas as operacións “non financeiras”, e
- Operacións financeiras

Nesta clasificación económica dos ingresos as operacións correntes son as de maior importe, alcanzando o 76,6% do total do orzamento de ingresos. As operacións de capital reflicten o 10%, mentres que as operacións financeiras, sobre todo pola necesidade de apelación ao crédito que teñen as corporacións provinciais neste panorama de escaseza de recursos, absorben o 13,4% do total do orzamento

Nunha aproximación máis desagregada, reflíctese que son as transferencias correntes (capítulo IV) as que seguen a ter o maior peso porcentual na estrutura de ingresos, absorbindo o 56,9% do total de ingresos, a pesar da acusada diminución da participación nos tributos do Estado neste orzamento ao comparalo co de 2009.

Os ingresos tributarios, representan o 17,5% do total dos recursos das facendas provinciais, nos que tamén se deixa entrever o descenso nos recursos locais en xeral. Entre os ingresos desta natureza, os recollidos no capítulo III, taxas e outros ingresos, son os de maior peso relativo, presentando unha porcentaxe do 7% sobre o total dos recursos, que mostra un cambio na estrutura de ingresos, xa que nos exercicios anteriores era o capítulo I de impostos directos o de maior peso relativo, pero debido a que o capítulo III foi o único capítulo de ingresos correntes que presenta un incremento interanual, adiantou aos outros recursos tributarios.



Obsérvase, así mesmo, que son os ingresos de natureza corrente os que en maior medida sufriron o descenso, xa que presentan unha baixa do 15,1% para o agregado destes ingresos. En varios capítulos reflectíronse baixadas por riba da media do descenso do total de recursos, destacando o descenso producido nos ingresos patrimoniais, do 35,7%. É máis significativo o descenso do 17,1% do capítulo IV, de transferencias correntes, debido á súa importancia na estrutura de ingresos. Este mesmo descenso tivo lugar no caso do capítulo II que recolle os impostos indirectos.

O total de ingresos non financeiros, descendeu nun 13,1% ao comparalo co ano anterior; aínda que o capítulo VI, de alleamento de investimentos reais, medrou de xeito importante.

Pola contra, e para compensar estes fortes descensos nos recursos ordinarios, os ingresos financeiros tiveron que medrar e fixérono nun 43,7%, destacando que o capítulo IX de variación de pasivos financeiros medrou nun 46,6%, pasando dos 49,1 millóns de euros en 2009 aos 72 millóns en 2010, é dicir 22,9 millóns máis de recurso ao crédito para poder facer fronte ás necesidades de financiamento das facendas provinciais.

TOTAL INGRESOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA 2009-2010


	Ano 2009	%	Ano 2010	%
A Coruña	201.406.100	33,0%	178.513.500	31,8%
Lugo	142.138.298	23,3%	143.695.391	25,6%
Ourense	86.053.000	14,1%	85.190.781	15,2%
Pontevedra	181.336.767	29,7%	153.240.616	27,3%
Galicia	610.934.165	100,0%	560.640.289	100,0%




TOTAL INGRESOS PER CÁPITA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA 2009-2010

	Ano 2009	Ano 2010
A Coruña	176	156
Lugo	401	407
Ourense	256	254
Pontevedra	189	159
Galicia	219	200

INGRESOS 2009 (per cápita)





INGRESOS 2010 (per cápita)



TOTAL DE INGRESOS DAS DEPUTACIÓNS


TOTAL DEPUTACIÓNS		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)		
Operacións non financeiras	485.554.239	86,6%
Operacións correntes	429.327.354	76,6%
Operacións de capital	56.226.885	10,0%
Operacións financeiras	75.086.050	13,4%
TOTAL	560.640.289	100,0%

INGRESOS TOTAL DEPUTACIÓNS		
Ingresos tributarios (I, II, III)	98.052.013	17,5%
Transf. correntes (IV)	319.095.347	56,9%
Ingresos patrimoniais (V)	12.179.994	2,2%
Operacións de capital (VI, VII)	56.226.885	10,0%
Operacións financeiras (VIII, IX)	75.086.050	13,4%
TOTAL	560.640.289	100,0%



**TOTAL DEPUTACIÓNES
PRESUPUESTO DE INGRESOS**

CAPÍTULOS	2009		Increm. % Interanual	(Euros) 2010	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIONES NON FINANCIERAS					
I. Impuestos Directos	40.048.957	6,6	-8,6	36.592.810	6,5
II. Impuestos Indirectos	27.101.549	4,4	-17,4	22.395.012	4,0
III. Taxas e Outros ingresos	34.710.376	5,7	12,5	39.064.191	7,0
<i>Ingresos tributarios</i>	101.860.882	16,7	-3,7	98.052.013	17,5
IV. Transferencias Correntes	384.920.080	63,0	-17,1	319.095.347	56,9
V. Ingresos Patrimoniais	18.939.941	3,1	-35,7	12.179.994	2,2
Operacións correntes	505.720.904	82,8	-15,1	429.327.354	76,6
VI. Alleamento Investimentos Reais	9.827.784	1,6	58,2	15.547.283	2,8
VII. Transferencias de Capital	43.139.427	7,1	-5,7	40.679.601	7,3
Operacións de capital	52.967.211	8,7	6,2	56.226.885	10,0
Operacións non financeiras	558.688.115	91,4	-13,1	485.554.239	86,6
OPERACIONES FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	3.136.050	0,5	-1,6	3.086.050	0,6
IX. Variación Pasivos Financeiros	49.110.000	8,0	46,6	72.000.000	12,8
Operacións financeiras	52.246.050	8,6	43,7	75.086.050	13,4
TOTAL INGRESOS	610.934.165	100,0	-8,2	560.640.289	100,0



EVOLUCIÓN DE INGRESOS NO PERÍODO 2002-2010

A continuación preséntanse unhas sinxelas notas sobre a evolución nos últimos oito anos nos orzamentos de ingresos das deputacións provinciais relativas ao dato do total de recursos e aos ingresos tributarios (téñase en conta que se refiren a euros correntes de cada ano).

Total de ingresos

Para o total de ingresos a evolución no período 2002-2010 presenta as seguintes características principais:

Para a media de Galicia os orzamentos medraron a unha taxa do 4,4% pasando dos 395,9 millóns de euros en 2002 aos 560,6 millóns de 2010, o que representa un aumento porcentual global do 41,6%.

Este crecemento foi continuado ata chegar ao actual exercicio 2010, no que por primeira vez a cifra de recursos do total dos orzamentos das catro deputacións non é superior ao do ano anterior.

Semella que as diferenzas orzamentarias entre unhas deputacións e outras vanse suavizando. O maior incremento detéctase no orzamento de Lugo, cunha taxa de crecemento do 8,8% e case o dobre de importe que en 2002 (o 96% mais ao comparar as cifras dos extremos do período); e, pola contra, o orzamento que partía do importe máis alto dos catro, o da Coruña, é o que menos medrou, xa que o fixo cunha taxa interanual do 2,4%.

Aínda que non presenta o menor crecemento, o orzamento de Ourense segue sendo o máis baixo das catro deputacións, xa que soamente creceu cunha unha taxa interanual media do 3%, o que lle supuxo pasar dos 67,5 millóns de euros de 2002 aos 85,2 millóns de 2010.


Paradoxalmente, para o caso dos ingresos en termos per cápita, as diferenzas entre os resultados dunhas deputacións e outras vanse facendo cada vez maiores, e se ben no ano 2002 a variabilidade entre os datos de ingresos por habitante presentaba uns valores extremos de 201 € e 117€ en Lugo e Pontevedra respectivamente, os datos resultantes en 2010 reflicten unha maior diferenza entre os orzamentos dunhas deputacións e outras, xa que se ben segue a ser a de Lugo a de maior importe en termos per cápita cun valor de 407, este dato é moi superior ao da Coruña, que con 156€/hab. é o de menor importe.

TOTAL ORZAMENTO INGRESOS


Milóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Incremento interanual medio
A Coruña	147,5	146,1	159,4	160,9	166,8	179,2	197,3	201,4	178,5	2,4%
Lugo	73,2	79,8	102,0	105,3	159,0	139,3	153,7	142,1	143,7	8,8%
Ourense	67,5	75,1	79,1	85,6	77,2	71,8	77,6	86,1	85,2	3,0%
Pontevedra	107,6	114,8	125,1	141,5	145,8	175,1	161,2	181,3	153,2	4,5%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	4,4%

Orzamento ingresos 2002-2010



Ingresos por habitante 2002-2010



Ingresos tributarios

A evolución dos ingresos tributarios no período 2002-2010 reflicte os seguintes trazos máis destacados:

Presentan unha taxa de incremento interanual media para o conxunto de Galicia amplamente superior ao total dos recursos, cunha taxa do 12,8%.

Obsérvase claramente, tanto ao analizar a táboa de datos como no gráfico, que foi o exercicio de 2005 no que se produciu o maior crecemento interanual, no que os ingresos de carácter tributario por mor da nova composición dos mesmos coa participación nos impostos do Estado medraron moito, incluso multiplicándose por dous para a media de Galicia, aínda que no orzamento da Coruña o salto foi espectacular ao crecer en máis de tres veces o dato de 2005 respecto de 2004.

O crecemento non foi continuado xa que en 2004 houbo un descenso interanual, que outra vez se produciu en 2010, ao analizar o conxunto das catro deputacións, se ben ao observar as traxectorias de cada deputación por separado vese que a de Pontevedra é a que tivo maior constancia no seu medre, xa que soamente descendeu en 2010, mentres que o resto tiveron traxectorias con máis descensos: como o caso da Coruña na que nos anos 2003, 2004 e 2010 estes ingresos presentaron descensos interanuais, mentres que en Lugo os descensos foron en 2004, 2007 e mesmo en 2010; presentando Ourense descensos en 2004 e en 2008.

Obsérvase que existe diverxencia entre os valores de ingresos tributarios entre as deputacións, xa que se ben en 2002 a variabilidade entre os importes nos orzamentos iniciais era dun máximo de 7 millóns de euros entre os datos da Coruña e os de Ourense (a de maior e a de menor importe respectivamente), esta diferenza ou desigualdade en 2010 acrecéntase ata chegar aos 28,6 millóns. A diverxencia tamén se observa por mor das taxas medias de incrementos interanuais, xa que as deputacións que presentan maiores taxas xa tiñan os valores máis altos, mentres que a de Ourense, que é a de menor importe tamén creceu a menor ritmo.

Ao engadir a variable poboacional, as traxectorias entre as provincias reflicten aínda maior diverxencia, aínda que neste caso, case se pode falar de dous grupos que nestes oito anos se separaron cada vez máis:



- Un grupo representado pola deputación de Lugo, á cabeza no ranking
- Outro grupo co resto das deputacións, no que á súa vez houbo un desdobraemento a partir de 2005, ano ata o que as sendas das tres deputacións eran case iguais, para reflectir a partir dese exercicio, que se ben os datos da Coruña e Pontevedra medran, de xeito que se sitúan en 2010 en 31€/hab., os datos de Ourense ao presentar un forte descenso en 2004, malia que logo presenta nunha

traxectoria crecente non lograr chegara ao nivel do resto, situándose lonxe do resto.

INGRESOS TRIBUTARIOS

Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanu al medio
A Coruña	13,0	11,7	9,2	30,1	30,5	32,1	34,6	37,3	35,1	13,2%
Lugo	10,8	10,9	10,4	14,9	17,4	15,1	26,2	28,9	26,9	12,1%
Ourense	3,8	3,9	1,5	1,9	2,6	4,2	4,1	4,4	6,6	7,0%
Pontevedra	9,7	11,1	11,2	23,8	25,5	28,2	30,5	31,3	29,4	14,8%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	12,8%



INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN

A continuación descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte secuencia de datos expresivos das principais variables orzamentarias:



1. En primeiro lugar, descríbese nunha mesma páxina a estrutura básica dos ingresos, como se reflicte nunha táboa sintética que recolle os importes de operacións correntes e de capital, que conforman os ingresos non financeiros; e as súas porcentaxes respecto do total. Así mesmo figuran os gráficos de distribución dos diferentes compoñentes de ingresos.
2. En segundo lugar, figura a táboa comprensiva do orzamento inicial 2010, como resultado do estado da consolidación cos OO.AA., e a comparación co orzamento do ano 2009. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de gastos en 2009 e 2010.
3. En terceiro lugar, descríbese a evolución dos orzamentos no período 2002-2010 do total do orzamento de ingresos e dos ingresos tributarios.

Os datos refírense a euros correntes de cada ano, e móstranse coa seguinte orde:

1. Táboa comprensiva dos datos da variable obxecto da evolución, expresada en millóns de euros, de cada deputación e a súa comparativa do total deputacións (Galicia), máis a taxa de crecemento interanual (%)
2. Gráfico de traxectorias, cos datos da táboa anterior (millóns de euros)
3. Gráfico coas traxectorias de cada deputación e a media de Galicia, en termos de euros por habitante


II.1.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

ORZAMENTO A CORUÑA (€)		
Operacións non financeiras	165.783.500	92,9%
Operacións correntes	152.992.768	92,3%
Operacións de capital	12.790.732	7,7%
Operacións financeiras	12.730.000	7,1%
TOTAL	178.513.500	100,0%
INGRESOS A CORUÑA		
		%
Ingresos tributarios (I, II, III)	35.138.680	19,7%
Transf. correntes (IV)	112.810.727	63,2%
Ingresos patrimoniais (V)	5.043.361	2,8%
Operacións de capital (VI, VII)	12.790.732	7,2%
Operacións financeiras (VIII, IX)	12.730.000	7,1%
TOTAL	178.513.500	100,0%



DEPUTACIÓN DA CORUÑA
PRESUPOSTO DE INGRESOS



CAPÍTULOS	2009		Increm. % Interanual	(Euros) 2010	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	17.162.180	8,5	-1,5	16.898.870	9,5
II. Impostos Indirectos	12.638.220	6,3	-17,7	10.397.690	5,8
III. Taxas e Outros ingresos	7.453.911	3,7	5,2	7.842.120	4,4
<i>Ingresos tributarios</i>	37.254.311	18,5	-5,7	35.138.680	19,7
IV. Transferencias Correntes	133.102.078	66,1	-15,2	112.810.727	63,2
V. Ingresos Patrimoniais	11.159.320	5,5	-54,8	5.043.361	2,8
Operacións correntes	181.515.709	90,1	-15,7	152.992.768	85,7
VI. Alleamento Investimentos Reais	0		100,0	2.600.400	1,5
VII. Transferencias de Capital	11.260.391	5,6	-9,5	10.190.332	5,7
Operacións de capital	11.260.391	5,6	13,6	12.790.732	7,2
Operacións non financeiras	192.776.100	95,7	-14,0	165.783.500	92,9
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	730.000	0,4	0,0	730.000	0,4
IX. Variación Pasivos Financeiros	7.900.000	3,9	51,9	12.000.000	6,7
Total Operacións financeiras	8.630.000	4,3	47,5	12.730.000	7,1
TOTAL INGRESOS	201.406.100	100,0	-11,4	178.513.500	100,0



A CORUÑA
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
A Coruña	147,5	146,1	159,4	160,9	166,8	179,2	197,3	201,4	178,5	2,4%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	4,4%



A CORUÑA INGRESOS TRIBUTARIOS



Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
A Coruña	13,0	11,7	9,2	30,1	30,5	32,1	34,6	37,3	35,1	13,2%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	12,8%




II.1.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTO LUGO (€)		
Operacións non financeiras	105.765.391	73,6%
Operacións correntes	87.375.854	60,8%
Operacións de capital	18.389.538	12,8%
Operacións financeiras	37.930.000	26,4%
TOTAL	143.695.391	100,0%
INGRESOS LUGO		
		%
Ingresos tributarios (I, II, III)	26.923.109	18,7%
Transf. correntes (IV)	56.791.745	39,5%
Ingresos patrimoniais (V)	3.661.000	2,5%
Operacións de capital (VI, VII)	18.389.538	12,8%
Operacións financeiras (VIII, IX)	37.930.000	26,4%
TOTAL	143.695.391	100,0%





DEPUTACIÓN DE LUGO
PRESUPUESTO DE INGRESOS

CAPITULOS	2009		Increm. % Interanual	(Euros) 2010	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCIERAS					
I. Impostos Directos	7.609.860	5,4	-27,2	5.541.360	3,9
II. Impostos Indirectos	4.002.210	2,8	-17,1	3.316.662	2,3
III. Taxas e Outros ingresos	17.280.543	12,2	4,5	18.065.086	12,6
<i>Ingresos tributarios</i>	28.892.613	20,3	-6,8	26.923.109	18,7
IV. Transferencias Correntes	76.058.064	53,5	-25,3	56.791.745	39,5
V. Ingresos Patrimoniais	3.999.351	2,8	-8,5	3.661.000	2,5
Operacións correntes	108.950.028	76,7	-19,8	87.375.854	60,8
VI. Alleamento Investimentos Reais	9.822.684	6,9	11,4	10.941.783	7,6
VII. Transferencias de Capital	8.935.586	6,3	-16,7	7.447.754	5,2
Operacións de capital	18.758.270	13,2	-2,0	18.389.538	12,8
Operacións non financeiras	127.708.298	89,8	-17,2	105.765.391	73,6
OPERACIÓNS FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	430.000	0,3	0,0	430.000	0,3
IX. Variación Pasivos Financeiros	14.000.000	9,8	167,9	37.500.000	26,1
Operacións financeiras	14.430.000	10,2	162,9	37.930.000	26,4
TOTAL INGRESOS	142.138.298	100,0	1,1	143.695.391	100,0





LUGO
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

	Millóns de euros									
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
Lugo	73,2	79,8	102,0	105,3	159,0	139,3	153,7	142,1	143,7	8,8%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	4,4%





LUGO
INGRESOS TRIBUTARIOS

	Millóns de euros									
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc interanual medio
Lugo	10,8	10,9	10,4	14,9	17,4	15,1	26,2	28,9	26,9	12,1%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	12,8%




II.1.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

ORZAMENTO OURENSE (€)		
Operacións non financeiras	77.390.781	90,8%
Operacións correntes	67.495.288	79,2%
Operacións de capital	9.895.493	11,6%
Operacións financeiras	7.800.000	9,2%
TOTAL	85.190.781	100,0%
INGRESOS A CORUÑA		
		%
Ingresos tributarios (I, II, III)	6.560.129	7,7%
Transf. correntes (IV)	60.128.896	70,6%
Ingresos patrimoniais (V)	806.263	0,9%
Operacións de capital (VI, VII)	9.895.493	11,6%
Operacións financeiras (VIII, IX)	7.800.000	9,2%
TOTAL	85.190.781	100,0%





DEPUTACIÓN DE OURENSE
PRESUPUESTO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	2009		Increm. % Interanual	(Euros) 2010	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	2.800.000	3,3	0,0	2.800.000	3,3
II. Impostos Indirectos	0			0	
III. Taxas e Outros ingresos	1.568.665	1,8	139,7	3.760.129	4,4
<i>Ingresos tributarios</i>	4.368.665	5,1	50,2	6.560.129	7,7
IV. Transferencias Correntes	69.397.006	80,6	-13,4	60.128.896	70,6
V. Ingresos Patrimoniais	815.000	0,9	-1,1	806.263	0,9
Operacións correntes	74.580.671	86,7	-9,5	67.495.288	79,2
VI. Alleamento Investimentos Reais	3.000	0,0	0,0	3.000	0,0
VII. Transferencias de Capital	8.119.329	9,4	21,8	9.892.493	11,6
Operacións de capital	8.122.329	9,4	21,8	9.895.493	11,6
Operacións non financeiras	82.703.000	96,1	-6,4	77.390.781	90,8
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	250.000	0,3	20,0	300.000	0,4
IX. Variación Pasivos Financeiros	3.100.000	3,6	141,9	7.500.000	8,8
Operacións financeiras	3.350.000	3,9	132,8	7.800.000	9,2
TOTAL INGRESOS	86.053.000	100,0	-1,0	85.190.781	100,0



OURENSE
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS



	Millóns de euros									
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
Ourense	67,5	75,1	79,1	85,6	77,2	71,8	77,6	86,1	85,2	3,0%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	4,4%



OURENSE
INGRESOS TRIBUTARIOS



Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
Ourense	3,8	3,9	1,5	1,9	2,6	4,2	4,1	4,4	6,6	7,0%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	12,8%



II.1.5. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA


ORZAMENTO PONTEVEDRA (€)		
Operacións non financeiras	136.614.566	89,2%
Operacións correntes	121.463.444	79,3%
Operacións de capital	15.151.122	9,9%
Operacións financeiras	16.626.050	10,8%
TOTAL	153.240.616	100,0%
INGRESOS PONTEVEDRA		
		%
Ingresos tributarios (I,II,III)	29.430.095	19,2%
Transf. Correntes (IV)	89.363.979	58,3%
I.patrimoniais (V)	2.669.370	1,7%
Operacións de capital (VI, VII)	15.151.122	9,9%
Operacións financeiras (VIII, IX)	16.626.050	10,8%
TOTAL	153.240.616	100,0%



ESTADO DE INGRESOS											
CAPITULOS	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERIA	CAIXA ANTIGUOS DE COOPERACIÓN	PATRONATO TURISMO RIAS BAIXAS	ESCOLA DE CANTEIROS	I.P.E.S.P.O.	MUSEO PROVINCIAL	ORAL	TOTAL BRUTO	DEDUCCIÓN TRANSF.INT.	TOTAL CONSOLIDADO
OPERACIÓN NON FINANCIERAS											
1. IMPOSTOS DIRECTOS	11.352.580,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	11.352.580,0		11.352.580,0
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	8.680.660,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	8.680.660,0		8.680.660,0
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.718.254,0	81.400,0	0,0	2.000,0	102.600,0	1.000,0	5.601,0	6.486.000,0	9.396.855,0		9.396.855,0
Ingresos tributarios	22.751.494,0	81.400,0	0,0	2.000,0	102.600,0	1.000,0	5.601,0	6.486.000,0	29.430.095,0		29.430.095,0
4. TRANSFERENCIAS CORRIENTES	89.228.964,0	353.000,0	35.000,0	3.011.500,0	552.742,0	338.492,0	3.720.025,0	920.000,0	98.159.723,0	8.795.744,0	89.363.979,0
transferencias da deputación aos OGA		353.000,0	0,0	3.010.500,0	543.730,0	338.492,0	3.630.022,0	920.000,0			
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	2.028.370,0	3.000,0	40.000,0	3.000,0	5.000,0	350.000,0	65.000,0	175.000,0	2.669.370,0		2.669.370,0
TOTAL OPERACIÓN CORRIENTES	114.008.828,0	437.400,0	75.000,0	3.016.500,0	660.342,0	689.492,0	3.790.626,0	7.581.000,0	130.259.188,0	8.795.744,0	121.463.444,0
6. ALLEAMENTO INVERSIONS REAIS	2.100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	2.000.000,0	0,0	0,0	2.002.100,0		2.002.100,0
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	13.149.022,0	4.000,0	600.000,0	113.500,0	23.000,0	500.708,0	164.001,0	300.000,0	14.854.231,0	1.705.209,0	13.149.022,0
transferencias da deputación aos OGA		4.000,0	600.000,0	113.500,0	23.000,0	500.708,0	164.001,0	300.000,0			
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	13.151.122,0	4.000,0	1.200.000,0	227.000,0	23.000,0	3.001.416,0	328.002,0	600.000,0	16.856.331,0	1.705.209,0	15.151.122,0
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCIERAS	127.159.950,0	441.400,0	1.275.000,0	3.243.500,0	683.342,0	3.890.908,0	4.118.628,0	8.181.000,0	147.115.519,0	10.500.953,0	136.614.566,0
OPERACIÓN FINANCIERAS											
8. VARIACIÓN ACTIVO FINANCIERO	240.050,0	0,0	1.340.000,0	0,0	6.000,0	0,0	0,0	40.000,0	1.626.050,0		1.626.050,0
9. VARIACIÓN PASIVO FINANCIERO	15.000.000,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	15.000.000,0		15.000.000,0
TOTAL OPERACIÓN FINANCIERAS	15.240.050,0	0,0	1.340.000,0	0,0	6.000,0	0,0	0,0	40.000,0	16.626.050,0	0,0	16.626.050,0
TOTAL INGRESOS	129.248.876,0	437.400,0	1.415.000,0	3.016.500,0	686.342,0	689.492,0	3.790.626,0	7.621.000,0	146.885.238,0	10.500.953,0	138.089.494,0

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
PRESUPUESTO DE INGRESOS



(Euros)					
CAPITULOS	2009		Increment. %	2010	
	IMPORTE	%	Interanual	IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	12.476.917	6,9	-9,0	11.352.580	7,4
II. Impostos Indirectos	10.461.119	5,8	-17,0	8.680.660	5,7
III. Taxas e Outros ingresos	8.407.257	4,6	11,8	9.396.855	6,1
<i>Ingresos tributarios</i>	31.345.293	17,3	-6,1	29.430.095	19,2
IV. Transferencias Correntes	106.362.933	58,7	-16,0	89.363.979	58,3
V. Ingresos Patrimoniais	2.966.270	1,6	-10,0	2.669.370	1,7
Operacións correntes	140.674.496	77,6	-13,7	121.463.444	79,3
VI. Alleamento Investimentos Reais	2.100	0,00		2.002.100	1,3
VII. Transferencias de Capital	14.824.121	8,2	-11,3	13.149.022	8,6
Operacións de capital	14.826.221	8,2	2,2	15.151.122	9,9
Operacións non financeiras	155.500.717	85,8	-12,1	136.614.566	89,2
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.726.050	1,0	-5,8	1.626.050	1,1
IX. Variación Pasivos Financeiros	24.110.000	13,3	-37,8	15.000.000	9,8
Total Operacións financeiras	25.836.050	14,2	-35,6	16.626.050	10,8
TOTAL INGRESOS					
	181.336.767.00	100.0	-15,5	153.240.616.00	100.0



PONTEVEDRA
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
Pontevedra	107,6	114,8	125,1	141,5	145,8	175,1	161,2	181,3	153,2	4,5%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	610,9	560,6	4,4%



PONTEVEDRA
INGRESOS TRIBUTARIOS

Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
Pontevedra	9,7	11,1	11,2	23,8	25,5	28,2	30,5	31,3	29,4	14,8%
Galicia	37,4	37,6	32,2	70,7	76,0	79,6	95,4	101,9	98,1	12,8%



II.1.6. VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCEIRAS DE INGRESOS

Desde o punto de vista das magnitudes principais de ingresos en relación ao seu tamaño poboacional, como xa se dixo, o total de recursos pasou dos 219 €/hab. aos 200€/hab. de 2010, sendo o orzamento de Lugo o que reflicte o maior importe en termos per cápita, con 407€/hab., cifra 2,6 veces maior ás que reflicten os orzamentos das deputacións da Coruña e Pontevedra, as de menores resultados, con 156 e 159 euros per cápita respectivamente. Mentres que o resultado de dividir o orzamento da Deputación de Ourense entre a súa poboación, mostra unha cifra intermedia, 254€/hab.

Os datos provisionais de poboación por provincias o 1 de xaneiro de 2010 son os seguintes:

A Coruña: 1.146.044 habitantes

Lugo: 353.251 habitantes

Ourense: 335.159 habitantes

Pontevedra: 962.357 habitantes

Galicia: 2.796.811 habitantes

Na variable de Ingresos tributarios, tamén o resultado do orzamento da Deputación de Lugo é o de maior importe, incluso con gran diferenza como no anterior, e ademais é o único dato dos catro que supera a media de Galicia, incluso máis que a duplica, xa que presenta un dato de 76€/hab., fronte aos 35€/hab. de Galicia; aquí os resultados das deputacións da Coruña e Pontevedra son claramente superiores aos de Ourense, que é a de menor importe.

Para a variable de transferencias correntes, é o orzamento da Deputación de Ourense o de maior importe, con 179€/hab. e séguelle o de Lugo que con 161€/hab. tamén supera á media de Galicia que se sitúa nos 114€/habitante. Neste caso as deputacións de Coruña e Pontevedra están por debaixo con 98 e 93€/hab. respectivamente.

Para o agregado de operacións correntes faise unha similar comparativa ao total de ingresos, xa que son os datos dos orzamentos das deputacións de Lugo e Ourense os que superan a media, con 247 e 201€/hab. respectivamente, presentando as outras dúas valores por debaixo da media, que é de 154€/hab.

Similar comparativa se reflicte para as operacións de capital, nos que a media é de 20€/hab., soamente superada polos datos de Lugo e Ourense; mentres que a variable de operacións financeiras é a que presenta unha maior variabilidade e diferenzas entre os da-


tos dunhas deputacións e outras. Así, obsérvase que en Lugo os ingresos deste tipo alcanzan os 107€/hab., único dato que supera a media, que se sitúa en 27€/hab., mentres que o resto dos resultados de dividir as operacións financeiras polo número de habitantes sitúase por debaixo, con valores que van dos 23€/hab. de Ourense aos 11€/hab. da Coruña.

VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCIERAS
INGRESOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	156	407	254	159	200
Ingresos Tributarios (I+II+III)	31	76	20	31	35
% ITR / IT	19,7%	18,7%	7,7%	19,2%	17,5%
Transferencias Correntes (IV)	98	161	179	93	114
% TC / IT	63,2%	39,5%	70,6%	58,3%	56,9%
Operacións Correntes (I ao V)	133	247	201	126	154
% OC / IT	85,7%	60,8%	79,2%	79,3%	76,6%
Operacións de capital (VI+VII)	11	52	30	16	20
% TDC / IT	7,2%	12,8%	11,6%	9,9%	10,0%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	11	107	23	17	27
% IF / IT	7,1%	26,4%	9,2%	10,8%	13,4%

Variables de ingresos (per cápita)



II.2. GASTOS

II.2.1. TOTAL DEPUTACIÓN/GALICIA

O importe do orzamento inicial de gasto iguálase ao de ingresos, con 560,6 millóns de euros, que resulta da suma dos orzamentos das catro deputacións e presenta a seguinte estrutura básica, segundo a súa natureza ou clasificación económica:

- O 93% son operacións non financeiras, das que máis da metade do orzamento son as correntes, que absorben o 56,9% do total de gastos e o 36,1% son operacións de capital;
- mentres que o 7% restante son operacións financeiras.

Ao concretar máis, a estrutura de gastos do orzamento das catro deputacións reflicte que os gastos de maior peso relativo son os de funcionamento dos servizos (capítulos I e II), que representan o 42,3% do total a gastar en 2010, seguidos polas operacións de capital, (capítulos VI e VII), que absorben o 36,1% do orzamento de gastos. As transferencias de capital presentan unha porcentaxe sobre o total de gastos do 13,1%, e por último os xuros consignados no capítulo III soamente absorben o 1,4%.

Ao describir de xeito resumido a comparativa co orzamento de 2009 cómpre sinalar que, se ben o total do orzamento diminúe nun 8,2%, reflicte unha compoñente, aínda se cabe, máis negativa o feito de que o maior descenso se reflicte nas operacións de capital, agregado no que a diminución interanual en termos porcentuais é do 21,6%, é dicir, que se investirán en operacións de capital un total de 55,9 millóns de euros menos ca en 2009, como resultado de sendas baixadas nas dúas compoñentes: un 18% de menor importe no que atinxe aos investimentos reais (capítulo VI) e un 31,6% menos nas transferencias de capital, nas que ocupan un lugar predominante as destinadas ás entidades locais, concretamente aos concellos, que acusarán en maior medida aínda os efectos da recesión económica.

O agregado de operacións correntes, sen embargo, mantense case sen variación desde 2009, presentando unha taxa de crecemento interanual de soamente seis décimas, resultantes de moderados descensos nos capítulos II de compra de bens correntes e servizos, cun 3,8% menos de consignación ca en 2009, que son 3,9 millóns de euros menos, e dun forte descenso nos xuros polos préstamos e débeda viva que, como resultado da baixada xeneralizada dos tipos, presenta unha diminución do 44,4%, o que representa un aforro de 6,4 millóns de euros.

O único capítulo das operacións "non financeiras" que medra é o capítulo I destinado ao pagamento dos gastos de persoal que aínda así reflicte unha clara contención, xa que a taxa de crecemento interanual é do 1,3% mentres que as transferencias correntes,

capítulo IV, presentan un incremento de 10,1 millóns de euros, un 16,1% máis ca en 2009.

Ao describir a comparativa dos gastos financeiros, debemos sinalar un comportamento inverso: estes medran por riba do 10%, o que representa 3,6 millóns de euros máis destinados a estas operacións, nas que son os pasivos financeiros, capítulo IX, no que se consignan as anualidades de amortizacións dos préstamos, os que presentan maior importe e tamén maior crecemento.

En definitiva, o negativo panorama que se presenta parece estar marcado non soamente pola baixada do total do orzamento de gastos, senón que esta tendencia negativa se agudiza pola compoñente estrutural da caída do orzamento, é dicir pola desigual evolución das grandes masas de gastos. Os gastos que baixan son os non financeiros fronte a un incremento dos financeiros, e sobre todo o trazo máis preocupante é que son os gastos de capital os que sofren a caída en maior proporción, cunha perda importante no seu peso relativo da composición do orzamento pasando do 42,3% que tiñan no orzamento de 2009 ao 36,1% do actual, o que son 6,2 puntos porcentuais menos, que foron absorbidos polos gastos das operacións correntes, principalmente gastos de persoal e transferencias correntes e polos pasivos financeiros.

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS

A continuación reflíctense unhas notas resumidas da composición dos gastos segundo a clasificación por programas que, tal e como se dixo ao inicio desta memoria, é unha novidade da estrutura orzamentaria segundo a Orde 3565/2008.

Como aclaración cómpre sinalar que os datos da estrutura por programas figuran sen consolidar, son exclusivos dos orzamentos de cada deputación, polo que non son coincidentes cos que figuran no resto da memoria.

A descrición realízase ao primeiro nivel de agregación nesta estrutura, que é a de "Áreas de gasto". Así, pódense destacar as seguintes liñas principais:

Para a media das catro deputacións, a área predominante é a **4, de "Actuacións de carácter económico"**, xa que absorbe o 32,4% do total dos destinos dos gastos, no que a "Política de gasto" (agregado de segundo nivel) que maior importe presenta é a 45, "Infraestruturas" na que se consignan un total de 128,8 millóns de euros; séguenlle a moita distancia as políticas de gasto 41 e 43, "Agricultura, gandería e pesca" e "Comercio, turismo e PEMEs" respectivamente, nas que a consignación é de 15 millóns de euros en cada unha.

A área de gasto que ocupa o segundo lugar entre as prioridades é a **9, de "Actuacións de carácter xeral"**, que absorbe a cuarta parte do orzamento total das catro deputacións, cunha consignación total de 131,4 millóns de euros, onde é a política de gasto 92 "Servizos de carácter xeral" a que leva o maior importe, case a metade da área con 53,3 millóns de euros.

A área de gasto **3, "Producción de bens públicos de carácter preferente"** é o terceiro destino dos gastos, cunha porcentaxe do 15,8% ao nivel da media de Galicia, cunha consignación de 83 millóns de euros, nos que a política de gasto 33 "Cultura" é a que presenta a maior contía, con 42,6 millóns de euros.

De seguido na estrutura de gastos por programas está **a área de gasto 2, "Actuacións de protección e promoción social"**, que representa o 10,8% do total de gastos, con 56,5 millóns de euros dos que a gran maioría, 40,7 millóns, son os que sustentarán a política de gasto 23 "Servizos sociais e promoción social".

A área de gasto **1, "Servizos públicos básicos"**, ascende a 51,1 millóns de euros e representa o 9,7% do total de gastos, nos que destacan os que se destinan á política de gasto 16 "Benestar comunitario", con 27,5 millóns de euros.

Por último, a área de gasto **0, "Débeda pública"**, representa o 6,2% do total dos catro orzamentos provinciais, cun total de 32,7 millóns de euros de xuros e amortizacións de préstamos.

Comparativa

Esta estrutura non é igual en todas as deputacións, aínda que nas catro a política de gasto que maior importe ten consignado, polo que se constitúe no principal destinado dos recursos, é a 45 chamada "Infraestruturas". Á área de gasto que a engloba, a 4 de "Actuacións de carácter económico" ten o maior peso en tres delas, sendo na de Lugo a segunda área de gasto xa que, no seu caso, o agregado de "Actuacións de carácter xeral" superan nun punto porcentual ás "Actuacións de carácter económico", cunhas porcentaxes respectivas do 29 e 28%.


Así, a área de gasto 9, ocupa o segundo lugar tanto para a media de Galicia, como nos orzamentos das deputacións da Coruña e Pontevedra, mentres que e en Lugo como acabamos de ver ten a primacía, e no caso de Ourense o segundo destino dos gastos son os "Servizos básicos", área de gasto 1, situándose a agrupación 9 en terceiro lugar.

A área de "Producción de bens públicos de carácter preferente" soamente está superada polas "Actuacións de protección e promoción social" no orzamento da Coruña, e se ben a "Débeda pública" representa a finalidade de menor consignación orzamentaria para a media de Galicia, este último lugar soamente o presenta na deputación de Lugo xa que nas outras tres absorbe maior importe que os "Servizos públicos básicos" que lles ocupan o sexto lugar.


No caso do orzamento de gastos da deputación de Ourense a área de gasto de menor porcentaxe é a 2, de "Actuacións de protección e promoción social".

TOTAL DEPUTACIÓNS		
PRESUPOSTO DE GASTOS (€)		
Operacións non financeiras	521.289.284	93,0%
Operacións correntes	318.734.432	56,9%
Operacións de capital	202.554.853	36,1%
Operacións financeiras	39.351.004	7,0%
TOTAL	560.640.289	100,0%
GASTOS TOTAL DEPUTACIÓNS		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	237.351.191	42,3%
Xuros (III)	8.088.741	1,4%
Transferencias correntes (IV)	73.294.500	13,1%
Operacións de capital (VI,VII)	202.554.853	36,1%
Operacións financeiras(VIII, IX)	39.351.004	7,0%
TOTAL	560.640.289	100,0%

Total deputacións. Orzamento Gastos 2010




Total Deputacións. Orzamento Gastos 2010




CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO (Orzamentos sen consolidar)

Área de gasto	Política de gasto	TOTAL
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		51.115.681,46
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	3.729.001,00
	15 Vivenda e urbanismo	4.583.986,07
	16 Benestar comunitario	27.508.876,02
	17 Medio ambiente	15.293.818,37
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		56.505.207,95
	21 Pensións	5.442.135,00
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	6.450.484,00
	23 Servizos Sociais e promoción social	40.719.013,53
	24 Fomento do Emprego	3.893.575,42
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		82.958.250,67
	31 Sanidade	5.228.286,83
	32 Educación	11.195.322,51
	33 Cultura	42.635.660,92
	34 Deporte	23.898.980,41
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		169.874.246,42
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	15.291.835,58
	42 Industria e enerxía	5.393.451,94
	43 Comercio, turismo e PEMES	15.044.365,35
	44 Transporte público	0,00
	45 Infraestruturas	128.755.874,06
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	594.253,80
	49 Outras actuacións de carácter económico	4.794.465,69
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		131.432.869,59
	91 Órganos de goberno	13.506.375,90
	92 Servizos de carácter xeral	53.256.017,61
	93 Administración financeira e tributaria	22.334.686,03
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	42.335.790,05
0 DÉBEDA PÚBLICA		32.685.543,91
	01 Débeda Pública	32.685.543,91
	TOTAL	524.571.800,00



**TOTAL DEPUTACIÓNES
PRESUPUESTO DE GASTOS**

CAPÍTULOS	2009		Incrém. % Interanual	(Euros) 2010	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIONES NON FINANCIERAS					
I. Gastos de Persoal	145.546.108	23,8	1,3	147.401.327	26,3
II. Compra de Bens Corr. E Servicios	93.542.366	15,3	-3,8	89.949.864	16,0
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	239.088.475	39,1	-0,7	237.351.191	42,3
III. Xuros	14.552.372	2,4	-44,4	8.088.741	1,4
IV. Transferencias Correntes	63.124.791	10,3	16,1	73.294.500	13,1
Operacións Correntes	316.765.637	51,8	0,6	318.734.432	56,9
VI. Investimentos Reais	188.910.056	30,9	-18,0	154.957.074	27,6
VII. Transferencias de Capital	69.539.484	11,4	-31,6	47.597.778	8,5
Operacións de capital	258.449.540	42,3	-21,6	202.554.853	36,1
Operacións non financeiras	575.215.177	94,2	-9,4	521.289.284	93,0
OPERACIONES FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	4.395.088	0,7	-1,7	4.322.050	0,8
IX. Variación Pasivos Financeiros	31.323.900	5,1	11,8	35.028.954	6,2
Operacións financeiras	35.718.988	5,8	10,2	39.351.004	7,0
TOTAL GASTOS	610.934.165	100,0	-8,2	560.640.289	100,0



EVOLUCIÓN DE GASTOS NO PERÍODO 2002-2010

A continuación analizarase de xeito moi breve a evolución dos orzamentos dedicados ao pagamento do persoal ao servizo das administracións provinciais e a evolución dos gastos de capital, capítulos VI e VII.

Gastos de persoal

Os gastos de persoal tiveron unha traxectoria no período analizado 2002-2010, caracterizada por:

Crecemento continuado ao longo do período cunha unha taxa interanual media do 6,3% para o total de Galicia, pasando dos 90,2 millóns de euros en 2002 aos 147,4 millóns en 2010.

Este crecemento produciuse nas catro deputacións, tamén de xeito continuado, manifestando soamente os gastos de persoal do orzamento consolidado da deputación de Pontevedra un lixeiro descenso interanual en 2010, do 3,8%.

As taxas de crecemento interanual medias fluctuaron entre o 8,3% de Pontevedra e o 4,5% da Coruña, mostrando, por tanto sendas similares na evolución, tal e como se reflicte no gráfico, no que se observan catro liñas nun mesmo grupo.

Obsérvase unha certa ralentización a partir de 2008 con crecementos máis moderados.

No tocante aos resultados en termos per cápita obsérvanse dúas bandas, unha que reflicte os valores máis altos, composta polos orzamentos de Lugo e Ourense, e outra coas outras dúas deputacións cuns valores máis baixos, experimentando no período analizado diverxencia entre as dúas bandas, ao incrementarse a diferenza.

Así, os datos en 2002 oscilaban entre os 60 €/hab. e os 23€/hab, de Lugo e A Coruña respectivamente, o que significaba unhas 2,6 veces o de maior valor fronte ao de menor; mentres que en 2010 esta diferenza agrandouse, xa que entre os 105€/hab de Lugo e os 32€/hab da Coruña existe unha diferenza de 3,3 veces.

Gastos de capital

A evolución das operacións de capital (capítulos VI e VII), destinados directamente aos investimentos reais e as transferencias de capital, manifestaron as seguintes liñas condutoras:

A traxectoria global do conxunto das catro deputacións foi discontinua, con múltiples altibaixos, experimentando un incremento interanual medio do 1,4%, pasando dos 181,4 millóns de euros en 2002 aos 202,6 millóns en 2010, o que presenta un crecemento de 21,2 millóns de euros, isto é un 11,7% de aumento ao comparar os valores extremos

do período.

As traxectorias das deputacións mostran moita variabilidade entre sí, manifestando incluso unha delas unha taxa de diminución interanual media do 3,1%, pasando dos 76,2 millóns de euros en 2002 aos 59,5 de 2010 como é o caso da Coruña, no que o se aprecia, por tanto, que en 2010, se consignan 16,7 millóns de euros menos aos gastos de capital ca en 2002 (lémbrese que os datos refírense a euros correntes de cada ano).

Próxima á anterior figura a traxectoria destes gastos de capital no orzamento da Deputación de Pontevedra nos que case non hai variación, xa que reflicte unha taxa interanual media do 0,2%.

O orzamento no que estes gastos creceron a un maior ritmo interanual medio, foi o de Ourense onde, cunha taxa do 10%, os 12 millóns de euros consignados nos capítulos VI e VII en 2002 alcanzaron o dobre na consignación do orzamento de 2010

O resultado no orzamento da Deputación de Lugo foi dun ritmo medio, cunha taxa do 6,5%

No gráfico obsérvase claramente que se produciu unha converxencia á baixa xa que, se en 2002 os importes tiñan unha variabilidade do 6,4 veces entre o maior importe e o menor, esta diferenza en 2010 redúcese ata ser de 2,3 veces.

Sen embargo, en termos per cápita foi ao revés, houbo diverxencia xa que o dato resultante no orzamento de Lugo xa que se ben partía do importe superior en 2002, 96€/hab. con escasa diferenza dos valores dos restantes orzamentos, ao longo destes oito anos o esforzo investidor da Deputación de Lugo levou a unha ratio de gastos de capital moi superior ao do resto das deputacións, como se reflicte de xeito visible na gráfica 46, no que ademais se reflicte un punto de inflexión en 2006 no que se alcanzou a cifra récord de 254€/habitante destinados aos investimentos reais e ás transferencias de capital.


Finalmente reiterar o feito de que en 2010 se produciu unha importante redución dos gastos de capital, tanto en termos absolutos como per cápita, agás na Deputación de Ourense que reflicte o valor máis baixo, característica negativa de cara ao desenvolvemento económico de Galicia, polo papel que desempeñan estas entidades locais provinciais no impulso de investimentos locais, a través principalmente dos Plans de Obras e Servizos (POS).

GASTOS DE PERSOAL


Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanu al medio
A Coruña	26,0	28,9	29,7	30,9	32,5	33,8	36,3	36,7	36,9	4,5%
Lugo	21,8	22,7	23,9	26,4	27,3	29,6	34,4	35,9	37,0	6,8%
Ourense	19,7	20,1	21,4	22,1	23,8	25,8	28,0	28,3	30,6	5,7%
Pontevedra	22,8	24,9	29,0	33,3	35,1	38,2	41,4	44,7	43,0	8,3%
Galicia	90,2	96,6	104,0	112,6	118,7	127,5	140,1	145,6	147,4	6,3%

Gastos de persoal 2002-2010



Gastos de persoal por habitante 2002-2010




OPERACIÓN DE CAPITAL


Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanu al medio
A Coruña	76,2	67,1	67,2	63,4	64,8	68,0	76,9	82,7	59,5	-3,1%
Lugo	35,0	40,4	36,8	53,3	90,3	67,5	75,0	60,2	58,0	6,5%
Ourense	12,0	18,2	18,0	20,7	22,3	11,7	15,4	25,3	25,7	10,0%
Pontevedra	58,2	55,0	63,0	70,7	65,4	98,6	77,0	90,3	59,3	0,2%
Galicia	181,4	180,6	185,0	208,1	242,8	245,9	244,3	258,4	202,6	1,4%

Evolución operacións de capital 2002-2010



Operacións de capital por habitante 2002-2010



INTRODUCCIÓN AOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN

Como no apartado de ingresos, a continuación, descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de gastos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte secuencia de datos expresivos das principais variables orzamentarias:



1. En primeiro lugar, descríbese nunha mesma páxina, a estrutura básica dos gastos. Esta reflíctese nunha táboa sintética, que recolle os importes de operacións correntes e de capital que compoñen as operacións non financeiras, xunto ás operacións financeiras, coas súas porcentaxes sobre o total. Ademais tamén se inclúen os gráficos de distribución dos diferentes compoñentes de gastos.
2. En segundo lugar, figura a táboa da nova clasificación por programas de gastos e o gráfico no que se reflicte a composición de cada finalidade na estrutura total.
3. En terceiro lugar, figura a táboa comprensiva do orzamento inicial do 2010, como resultado do estado da consolidación cos OO.AA., coa comparación co ano 2009. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de gastos en 2009 e 2010.
4. En cuarto lugar, descríbese a evolución dos orzamentos no período 2002-2010 do capítulo I, gastos de persoal, e dos gastos de capital, capítulos VI e VII.

Os datos refírense a euros correntes de cada ano, e móstranse coa seguinte orde:

- a) Táboa comprensiva dos datos da variable obxecto da evolución, expresada en millóns de euros, de cada deputación e a súa comparativa co de total deputacións (Galicia), máis a taxa de crecemento interanual media (%)
- b) Gráfico de traxectorias, cos datos da táboa anterior (millóns de euros)
- c) Gráfico coas traxectorias de cada deputación e a media de Galicia, en termos de euros por habitante


II.2.2. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

DEPUTACIÓN DA CORUÑA		
PRESUPOSTO DE GASTOS (€)		
Operacións non financeiras	164.796.029	92,3%
Operacións correntes	105.321.892	59,0%
Operacións de capital	59.474.138	33,3%
Operacións financeiras	13.717.471	7,7%
TOTAL	178.513.500	100,0%
GASTOS A CORUÑA		
		%
Gastos funcionamento servizos (I, II)	63.997.359	35,9%
Xuros (III)	1.323.953	0,7%
Transferencias correntes (IV)	40.000.580	22,4%
Operacións de capital (VI, VII)	59.474.138	33,3%
Operacións financeiras (VIII, IX)	13.717.471	7,7%
TOTAL	178.513.500	100,0%




CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO (Orzamentos sen consolidar)

Área de gasto	Política de gasto	A CORUÑA
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		12.786.863,00
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	971.000,00
	15 Vivenda e urbanismo	0,00
	16 Benestar comunitario	377.496,00
	17 Medio ambiente	11.438.367,00
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		25.474.440,19
	21 Pensións	5.191.935,00
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	2.680.084,00
	23 Servizos Sociais e promoción social	15.590.321,00
	24 Fomento do Emprego	2.012.100,19
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		24.671.581,00
	31 Sanidade	0,00
	32 Educación	5.419.755,00
	33 Cultura	14.736.826,00
	34 Deporte	4.515.000,00
4 ACTUACIÓN DE CARÁCTER ECONÓMICO		62.014.538,93
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	5.657.866,44
	42 Industria e enerxía	2.405.086,00
	43 Comercio, turismo e PEMES	3.175.000,00
	44 Transporte público	0,00
	45 Infraestruturas	49.369.653,00
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	562.253,80
	49 Outras actuacións de carácter económico	844.679,69
9 ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL		39.742.427,88
	91 Órganos de goberno	2.756.467,00
	92 Servizos de carácter xeral	19.557.155,88
	93 Administración financeira e tributaria	13.759.854,00
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	3.668.951,00
0 DÉBEDA PÚBLICA		13.823.649,00
	01 Débeda Pública	13.823.649,00
	TOTAL	178.513.500,00



DEPUTACIÓN DA CORUÑA
PRESUPUESTO DE GASTOS



CAPÍTULOS	2009		Increm. % Interanual	(Euros) 2010	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCIERAS					
I. Gastos de Persoal	36.653.799	18,2	0,6	36.855.496	20,6
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	35.197.546	17,5	-22,9	27.141.863	15,2
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	71.851.345	35,7	-10,9	63.997.359	35,9
III. Xuros	5.258.144	2,6	-74,8	1.323.953	0,7
IV. Transferencias Correntes	28.735.789	14,3	39,2	40.000.580	22,4
Operacións Correntes	105.845.278	52,6	-0,5	105.321.892	59,0
VI. Investimentos Reais	35.067.588	17,4	-8,7	32.019.402	17,9
VII. Transferencias de Capital	47.592.000	23,6	-42,3	27.454.736	15,4
Operacións de capital	82.659.588	41,0	-28,0	59.474.138	33,3
Operacións non financeiras	188.504.866	93,6	-12,6	164.796.029	92,3
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.201.720	0,6	0,2	1.204.575	0,7
IX. Variación Pasivos Financeiros	11.699.514	5,8	7,0	12.512.896	7,0
Operacións financeiras	12.901.234	6,4	6,3	13.717.471	7,7
TOTAL GASTOS	201.406.100	100,0	-11,4	178.513.500	100,0



A CORUÑA
GASTOS DE PERSOAL

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
A Coruña	26,0	28,9	29,7	30,9	32,5	33,8	36,3	36,7	36,9	4,5%
Galicia	90,2	96,6	104,0	112,6	118,7	127,5	140,1	145,5	147,4	6,3%



A CORUÑA
OPERACIÓNS DE CAPITAL



Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
A Coruña	76,2	67,1	67,2	63,4	64,8	68,0	76,9	82,7	59,5	-3,1%
Galicia	181,4	180,6	185,0	208,1	242,8	245,9	244,3	258,4	202,6	1,4%




II.2.3. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

DEPUTACIÓN DE LUGO		
PRESUPOSTO DE GASTOS (€)		
Operacións non financeiras	134.181.270	93,4%
Operacións correntes	76.182.094	53,0%
Operacións de capital	57.999.176	40,4%
Operacións financeiras	9.514.121	6,6%
TOTAL	143.695.391	100,0%
GASTOS A CORUÑA		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	58.373.430	40,6%
Xuros (III)	2.907.272	2,0%
Transferencias correntes (IV)	14.901.392	10,4%
Operacións de capital (VI, VII)	57.999.176	40,4%
Operacións financeiras (VIII, IX)	9.514.121	6,6%
TOTAL	143.695.391	100,0%




CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO (Orzamentos sen consolidar)

Área de gasto	Política de gasto	LUGO
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		11.963.715,72
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	1.250.000,00
	15 Vivenda e urbanismo	3.298.127,62
	16 Benestar comunitario	4.915.983,19
	17 Medio ambiente	2.499.604,91
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		13.156.626,99
	21 Pensións	0,00
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	2.342.000,00
	23 Servizos Sociais e promoción social	10.165.478,32
	24 Fomento do Emprego	649.148,67
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		23.245.625,94
	31 Sanidade	4.924.318,00
	32 Educación	1.934.055,00
	33 Cultura	9.658.668,87
	34 Deporte	6.728.584,07
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		33.206.416,84
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	567.666,98
	42 Industria e enerxía	81.135,73
	43 Comercio, turismo e PEMES	2.462.021,51
	44 Transporte público	0,00
	45 Infraestruturas	29.995.592,62
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	0,00
	49 Outras actuacións de carácter económico	100.000,00
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		34.457.039,93
	91 Órganos de goberno	3.040.513,39
	92 Servizos de carácter xeral	13.480.552,64
	93 Administración financeira e tributaria	3.744.947,33
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	14.191.026,57
0 DÉBEDA PÚBLICA		2.678.874,58
	01 Débeda Pública	2.678.874,58
TOTAL		118.708.300,00





DEPUTACIÓN DE LUGO
PRESUPUESTO DE GASTOS

(Euros)					
CAPÍTULOS	2009		Increm. % Interanual	2010	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIONES NON FINANCIERAS					
I. Gastos de Persoal	35.938.903	25,3	2,9	36.978.322	25,7
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	19.643.063	13,8	8,9	21.395.108	14,9
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	<i>55.581.967</i>	<i>39,1</i>	<i>5,0</i>	<i>58.373.430</i>	<i>40,6</i>
III. Intereses	4.446.097	3,1	-34,6	2.907.272	2,0
IV. Transferencias Correntes	14.228.104	10,0	4,7	14.901.392	10,4
Operacións Correntes	74.256.169	52,2	2,6	76.182.094	53,0
VI. Inversións Reais	52.278.096	36,8	-5,5	49.378.592	34,4
VII. Transferencias de Capital	7.889.912	5,6	9,3	8.620.584	6,0
Operacións de capital	60.168.008	42,3	-3,6	57.999.176	40,4
Operacións non financeiras	134.424.177	94,6	-0,2	134.181.270	93,4
OPERACIONES FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	475.075	0,3	0,0	475.075	0,3
IX. Variación Pasivos Financeiros	7.239.046	5,1	24,9	9.039.046	6,3
Operacións financeiras	7.714.121	5,4	23,3	9.514.121	6,6
TOTAL GASTOS	142.138.298	100,0	1,1	143.695.391	100,0



LUGO
GASTOS DE PERSOAL



	Millóns de euros									Inc. interanual medio
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	
Lugo	21,8	22,7	23,9	26,4	27,3	29,6	34,4	35,9	37,0	6,8%
Galicia	90,2	96,6	104,0	112,6	118,7	127,5	140,1	145,5	147,4	6,3%



LUGO
OPERACIÓNS DE CAPITAL



Miles de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc interanual medio
Lugo	35,0	40,4	36,8	53,3	90,3	67,5	75,0	60,2	58,0	6,5%
Galicia	181,4	180,6	185,0	208,1	242,8	245,9	244,3	258,4	202,6	1,4%




II.2.4. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

DEPUTACIÓN DE OURENSE		
PRESUPOSTO DE GASTOS (€)		
Operacións non financeiras	81.591.797	95,8%
Operacións correntes	55.859.818	65,6%
Operacións de capital	25.731.979	30,2%
Operacións financeiras	3.598.984	4,2%
TOTAL	85.190.781	100,0%
GASTOS A CORUÑA		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	47.772.926	56,1%
Xuros (III)	1.523.740	1,8%
Transferencias correntes (IV)	6.563.152	7,7%
Operacións de capital (VI, VII)	25.731.979	30,2%
Operacións financeiras (VIII, IX)	3.598.984	4,2%
TOTAL	85.190.781	100,0%




CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO (Orzamentos sen consolidar)

Área de gasto	Política de gasto	OURENSE
1 SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS		23.339.896,74
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	8.000,00
	15 Vivenda e urbanismo	446.658,45
	16 Benestar comunitario	21.691.895,83
	17 Medio ambiente	1.193.342,46
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		1.249.858,77
	21 Pensións	0,00
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	9.000,00
	23 Servizos Sociais e promoción social	911.321,21
	24 Fomento do Emprego	329.537,56
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		11.512.228,73
	31 Sanidade	285.968,83
	32 Educación	2.010.082,51
	33 Cultura	5.320.591,05
	34 Deporte	3.895.586,34
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		29.111.686,65
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	2.712.481,16
	42 Industria e enerxía	2.879.730,21
	43 Comercio, turismo e PEMES	170.587,84
	44 Transporte público	0,00
	45 Infraestruturas	23.348.887,44
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	0,00
	49 Outras actuacións de carácter económico	0,00
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		14.968.704,78
	91 Órganos de goberno	2.781.459,51
	92 Servizos de carácter xeral	10.232.946,09
	93 Administración financeira e tributaria	1.918.258,70
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	36.040,48
0 DÉBEDA PÚBLICA		4.767.624,33
	01 Débeda Pública	4.767.624,33
TOTAL		84.950.000,00





DEPUTACIÓN DE OURENSE
PRESUPUESTO DE GASTOS

CAPÍTULOS	2009		Increm. % Interanual	(Euros) 2010	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIONES NON FINANCIERAS					
I. Gastos de Persoal	28.287.456	32,9	8,1	30.586.687	35,9
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	16.577.068	19,3	3,7	17.186.239	20,2
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	<i>44.864.524</i>	<i>52,1</i>	<i>6,5</i>	<i>47.772.926</i>	<i>56,1</i>
III. Intereses	2.535.565	2,9	-39,9	1.523.740	1,8
IV. Transferencias Correntes	9.911.833	11,5	-33,8	6.563.152	7,7
Operacións Correntes	57.311.922	66,6	-2,5	55.859.818	65,6
VI. Inversións Reais	22.837.588	26,5	7,5	24.559.675	28,8
VII. Transferencias de Capital	2.471.786	2,9	-52,6	1.172.304	1,4
Operacións de capital	25.309.373	29,4	1,7	25.731.979	30,2
Operacións non financeiras	82.621.295	96,0	-1,2	81.591.797	95,8
OPERACIONES FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	305.893	0,4	15,7	354.000	0,4
IX. Variación Pasivos Financeiros	3.125.812	3,6	3,8	3.244.984	3,8
Operacións financeiras	3.431.705	4,0	4,9	3.598.984	4,2
TOTAL GASTOS	86.053.000	100,0	-1,0	85.190.781	100,0





OURENSE
GASTOS DE PERSOAL

	Millóns de euros									
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
Ourense	19,7	20,1	21,4	22,1	23,8	25,8	28,0	28,3	30,6	5,7%
Galicia	90,2	96,6	104,0	112,6	118,7	127,5	140,1	145,5	147,4	6,3%





OURENSE
OPERACIÓNS DE CAPITAL

	Millóns de euros									
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
Ourense	12,0	18,2	18,0	20,7	22,3	11,7	15,4	25,3	25,7	10,0%
Galicia	181,4	180,6	185,0	208,1	242,8	245,9	244,3	258,4	202,6	1,4%




II.2.5. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA		
PRESUPOSTO DE GASTOS (€)		
Operacións non financeiras	140.720.188	91,8%
Operacións correntes	81.370.628	53,1%
Operacións de capital	59.349.560	38,7%
Operacións financeiras	12.520.428	8,2%
TOTAL	153.240.616	100,0%
GASTOS A CORUÑA		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	67.207.476	43,9%
Xuros (III)	2.333.776	1,5%
Transferencias correntes (IV)	11.829.376	7,7%
Operacións de capital (VI, VII)	59.349.560	38,7%
Operacións financeiras (VIII, IX)	12.520.428	8,2%
TOTAL	153.240.616	100,0%



CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO (Orzamentos sen consolidar)


Área de gasto	Política de gasto	PONTEVEDRA
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		3.025.206,00
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	1.500.001,00
	15 Vivenda e urbanismo	839.200,00
	16 Benestar comunitario	523.501,00
	17 Medio ambiente	162.504,00
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		16.624.282,00
	21 Pensións	250.200,00
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	1.419.400,00
	23 Servizos Sociais e promoción social	14.051.893,00
	24 Fomento do Emprego	902.789,00
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		23.528.815,00
	31 Sanidade	18.000,00
	32 Educación	1.831.430,00
	33 Cultura	12.919.575,00
	34 Deporte	8.759.810,00
4 ACTUACIÓN DE CARÁCTER ECONÓMICO		45.541.604,00
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	6.353.821,00
	42 Industria e enerxía	27.500,00
	43 Comercio, turismo e PEMES	9.236.756,00
	44 Transporte público	0,00
	45 Infraestruturas	26.041.741,00
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	32.000,00
	49 Outras actuacións de carácter económico	3.849.786,00
9 ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL		42.264.697,00
	91 Órganos de goberno	4.927.936,00
	92 Servizos de carácter xeral	9.985.363,00
	93 Administración financeira e tributaria	2.911.626,00
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	24.439.772,00
0 DÉBEDA PÚBLICA		11.415.396,00
	01 Débeda Pública	11.415.396,00
	TOTAL	142.400.000,00



ESTADO DE GASTOS											
CAPITULOS	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	ESCUELA UNIVERSITARIA DE ENFERMERIA	CAIXA ANTIGUOS DE COOPERACION	PATRONATO TURISMO RIAS BAIXAS	ESCUELA DE CANTEROS	I.P.E.S.P.O.	MUSEO PROVINCIAL	ORAL	TOTAL BRUTO	DEDUCCIÓN TRANSF. INT.	TOTAL CONSOLIDADO
OPERACIONES NON FINANCEIRAS											
I. GASTOS DE PERSOAL	34.221.851,0	392.000,0	35.000,0	815.067,0	297.739,0	90.063,0	2.137.662,0	4.991.440,0	42.980.822,0		42.980.822,0
II. GASTOS DE BENS CORRENTES	19.135.445,0	45.300,0	30.000,0	639.333,0	270.183,0	103.750,0	1.559.893,0	2.442.750,0	24.226.654,0		24.226.654,0
Gastos funcionamiento dos servizos	53.357.296,0	437.300,0	65.000,0	1.454.400,0	567.922,0	193.813,0	3.697.555,0	7.434.190,0	67.207.476,0	0,0	67.207.476,0
III. GASTOS FINANCEIROS	2.078.368,0	100,0	0,0	100,0	20,0	204.387,0	1,0	50.800,0	2.333.776,0		2.333.776,0
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	18.781.640,0	0,0	0,0	1.562.000,0	92.400,0	0,0	93.070,0	96.010,0	20.625.120,0	8.795.744,0	11.829.376,0
TOTAL OPERACIONES CORRENTES	74.217.304,0	437.400,0	65.000,0	3.016.500,0	660.342,0	398.200,0	3.790.626,0	7.581.000,0	90.166.372,0	8.795.744,0	81.370.628,0
VI. INVERSIONS REAIS	46.579.905,0	4.000,0	0,0	75.500,0	23.000,0	1.897.000,0	144.001,0	276.000,0	48.999.406,0		48.999.406,0
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	12.025.363,0	0,0	0,0	30.000,0	0,0	0,0	0,0	0,0	12.055.363,0	1.705.209,0	10.350.154,0
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	58.605.268,0	4.000,0	0,0	105.500,0	23.000,0	1.897.000,0	144.001,0	276.000,0	61.054.769,0	1.705.209,0	59.349.560,0
TOTAL OPERACIONES NON FINANCEIRAS	132.822.572,0	441.400,0	65.000,0	3.122.000,0	683.342,0	2.295.200,0	3.834.627,0	7.857.000,0	151.221.141,0	10.500.953,0	140.720.188,0
OPERACIONES FINANCEIRAS											
VIII. VARIACIÓN ACTIVO FINANCEIRO	240.400,0	0,0	1.950.000,0	8.000,0	6.000,0	0,0	20.000,0	64.000,0	2.288.400,0		2.288.400,0
IX. VARIACIÓN PASIVO FINANCEIRO	9.337.028,0	0,0	0,0	0,0	0,0	895.000,0	0,0	0,0	10.232.028,0		10.232.028,0
TOTAL OPERACIONES FINANCEIRAS	9.577.428,0	0,0	1.950.000,0	8.000,0	6.000,0	895.000,0	20.000,0	64.000,0	12.520.428,0		12.520.428,0
TOTAL GASTOS	142.400.000,0	441.400,0	2.015.000,0	3.130.000,0	689.342,0	3.190.200,0	3.954.627,0	7.921.000,0	163.741.569,0	10.500.953,0	153.240.616,0

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
PRESUPUESTO DE GASTOS



CAPÍTULOS	2009		Increm. % Interanual	(Euros) 2010	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIONES NON FINANCIERAS					
I. Gastos de Persoal	44.665.950	24,6	-3,8	42.980.822	28,0
II. Compras de Bens Corr. e Servizos	22.124.689	12,2	9,5	24.226.654	15,8
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	66.790.639	36,8	0,6	67.207.476	43,9
III. Intereses	2.312.565	1,3	0,9	2.333.776	1,5
IV. Transferencias Correntes	10.249.065	5,7	15,4	11.829.376	7,7
Operacións Correntes	79.352.269	43,8	2,5	81.370.628	53,1
VI. Invetimentos Reais	78.726.784	43,4	-37,8	48.999.406	32,0
VII. Transferencias de Capital	11.585.786	6,4	-10,7	10.350.154	6,8
Operacións de capital	90.312.570	49,8	-34,3	59.349.560	38,7
Operacións non financeiras	169.664.839	93,6	-17,1	140.720.188	91,8
OPERACIONES FINANCIERAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	2.412.400	1,3	-5,1	2.288.400	1,5
IX. Variación Pasivos Financeiros	9.259.528	5,1	10,5	10.232.028	6,7
Operacións financeiras	11.671.928	6,4	7,3	12.520.428	8,2
TOTAL GASTOS	181.336.767	100,0	-15,5	153.240.616	100,0



PONTEVEDRA
GASTOS DE PERSOAL

Millóns de euros



	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
Pontevedra	22,8	24,9	29,0	33,3	35,1	38,2	41,4	44,7	43,0	8,3%
Galicia	90,2	96,6	104,0	112,6	118,7	127,5	140,1	145,5	147,4	6,3%



PONTEVEDRA
OPERACIÓNS DE CAPITAL

Millóns de euros

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	Inc. interanual medio
Pontevedra	58,2	55,0	63,0	70,7	65,4	98,6	77,0	90,3	59,3	0,2%
Galicia	181,4	180,6	185,0	208,1	242,8	245,9	244,3	258,4	202,6	1,4%



II.2.6. VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCEIRAS DE GASTOS

Ao igual que os ingresos, o total do orzamento de gastos das catro deputacións para o exercicio 2010, dividido pola poboación ascende a 200 €/hab. (os datos correspóndense coa poboación do censo provisional de xaneiro de 2010).

Como xa se dixo anteriormente, de xeito tradicional son as provincias de menor tamaño poboacional, as de Lugo e Ourense, as que presentan os maiores datos nos seus orzamentos ao relacionalos co número de habitantes, aínda que os importes, en xeral, en valores absolutos son máis cativos.

Neste exercicio 2010, a supremacía do dato resultante no orzamento da deputación de Lugo é destacada xa que con 407€/hab. se sitúa moi por riba do resto: é o dobre da media de Galicia e supera amplamente o dato resultante do orzamento de Ourense (1,6 veces superior) e, para os datos da Coruña e Pontevedra a superioridade cuantitativa é de 2,6 veces.

Para os gastos de persoal (capítulo I) que presentan un importe de 53€/hab. para o conxunto de Galicia, reproducése o esquema anterior, xa que o resultado en Lugo supera amplamente esa cifra, con 105€/hab., e o de Ourense sitúase preto con 91€/hab. Noutra banda atópanse os datos que se consignan nos orzamentos das dúas deputacións restantes, que se sitúan por debaixo da medida, con valores de 32 e 45€/hab., lixeiramente superior no caso de Pontevedra, debido entre outras causas ao gran número de OO.AA que dela dependen.

No que se refire ás porcentaxes que este capítulo lles representan ás deputacións na súa estrutura de gastos, conséntase que é a de Ourense a que ten a porcentaxe superior das catro, o 36% do total dos seus gastos destinados ao pagamento do persoal, seguida pola deputación de Pontevedra, co 28%. En Lugo a cuarta parte dos seus gastos son do capítulo I, mentres que na Coruña alcanzan a quinta parte do seu orzamento.

As operacións correntes, que seguen a tónica dos datos anteriores, flutúan entre os 85€/hab. do orzamento de Pontevedra aos 216€/hab. de Lugo, cunha media de 114€/hab.

No que atinxe ao seu peso relativo na composición do orzamento, nas catro deputacións estes gastos superan amplamente a metade do orzamento, mesmo chegando ao 65,6% en Ourense e presentando Lugo e Pontevedra as porcentaxes máis baixas, co 53%.

Como xa ven sendo habitual, os datos que reflicten os esforzos investidores das corporacións provinciais, gastos de capital (capítulos VI e VII), están encabezados pola de Lugo, tanto en porcentaxe sobre o total (co 40,4%) como en termos per cápita, con 164€/hab.

O dato de Ourense é superior á media, pero distante do de Lugo, con 77€/hab., aínda que o seu peso porcentual na composición do seu orzamento é o máis baixo das catro deputacións, co 30,2%.

Xa por debaixo da media (con 72€/hab. e o 36%) sitúanse os datos de Pontevedra e A Coruña, aínda que a primeira delas con resultados sensiblemente superiores.

Por último, no que respecta ás operacións financeiras, dicir que se ben a deputación de Lugo, ao igual ca nas outras variables, presenta o maior importe per cápita, con 27€, non é a de maior porcentaxe, xa que os gastos financeiros representan o 6,6% do seu total do orzamento, porcentaxe inferior aos datos de Pontevedra, a de maior porcentaxe cun 8,2% da Coruña co 7,7% e da media de Galicia, que se sitúa no 7%.

Nesta variable é a deputación de Ourense a que presenta os datos máis cativos, tanto na porcentaxe, co 4,2%, como no resultado en termos per cápita, con 11€/hab.

VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCIERAS
GASTOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais	156	407	254	159	200
Gastos de Persoal (Cap I)	32	105	91	45	53
% GP/GT	20,6%	25,7%	35,9%	28,0%	26,3%
Operacións Correntes (I ao IV)	92	216	167	85	114
% OC/GT	59,0%	53,0%	65,6%	53,1%	56,9%
Operacións de Capital (VI+VII)	52	164	77	62	72
% OC/GT	33,3%	40,4%	30,2%	38,7%	36,1%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	12	27	11	13	14
% OF/GT	7,7%	6,6%	4,2%	8,2%	7,0%

Variables de Gastos (per capita)

